




DEVESAS DO COUREL

DE SEOANE DO COUREL A SEOANE DO COUREL
FACENDO UN PERCORRIDO POLAS DEVESAS.

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia:
uns 50 km
Dificultade:
baixa (en coche)
Duración:
unha xornada



Un percorrido para achegarse de preto e ver tamén de lonxe e no seu conxunto case todas as grandes devesas do Courel, as que se acobillan na parte máis alta e máis encosta, e na cara máis sombriza dos montes.

Subindo de Seoane ao alto do Couto vemos ao abrigo do cume do **monte Formigueiros**, o máis alto da serra, a **devesa de Rogueira**. No **alto do Couto**, un pouco antes de chegar ao cambio de val, atopamos á esquerda da estrada unha pista, ao pé dun depósito de auga, e por ela é por onde temos que dirixir os nosos pasos (o percorrido por esta pista pódese facer a pé, son uns 15 km, pero o difícil é atopar unha combinación que nos transporte ao inicio e que nos recolla ao final da ruta). Esta pista de terra, en bo estado, permite o paso de vehículos. Arranca cunha subida duns 3 km na que pararemos cada pouco, a primeira parada farémola na **Boca do Couto**, xusto antes de chegar a un punto no que a pista se cruza con outra, para gozar dunha fermosa panorámica do **val de Visuña**; a segunda e a terceira, ou outras varias, no km seguinte, cando volvemos a cambiar de val, para contemplar a **devesa de Romeor** e os vales das cabeceiras do río Lor.



Devesa de Rogueira

A seguinte parada farémola onde remata a subida, cando, ao rodear a **Pena das Aigas**, facemos un novo cambio de val e atopamos de fronte o pico do **Faro**, a devesa que ocupa toda a aba norte da **Cabeza Grande** e parte da do Faro e vense, ao lonxe, os cumes máis sobranceiros dos Ancares. Desde aquí, baixando un pouquiño, acadamos o **Rechouso**, un novo cambio de val para atoparnos outra volta coas panorámicas do val de Visuña e o monte Formigueiros, por esta parte, de 1,5 km aproximadamente, a pista é case chan. Ata que, xusto no comezo dun cortalumes, se bifurca. Aquí temos que coller a que vai cara á esquerda onde comeza un descenso case contínuo ata o final da ruta. No remate deste primeiro tramo de baixada hai un depósito de auga e un pouco antes de chegar a el un camiño vello que nos mete dentro da devesa. Pasando pola aba do Faro pararemos de seguro máis de unha vez para ver con outra perspectiva a devesa. No val que se forma entre o Faro e o Pico Grande agóchase a **devesa de Riocereixa** que non é moi doada de apreciar desde a ruta, pero un pouco máis adiante desembocamos no **faial de Fonteformosa**, parada obrigada para poder ver de preto e camiñar una anaco por dentro do bosque e gozar das cores e dos detalles. Pasado o faial sae da pista un desvío, en subida, á dereita, que alonga un pouco o camiño pero que nos da a oportunidade de gozar dunha panorámica total da **devesa de Brañas**, nas abas de **Pena Redonda**, antes de rematar esta parte da viaxe. Desde Brañas, xa por estrada, viaxamos a Veiga de Brañas e Rubiais onde nos desviamos a Zanfoga, desde distintos puntos do camiño podemos contemplar, alá no alto, as manchas de cor das devesas. De Zanfoga viaxamos a Riocereixa pasando ao pé da **devesa de Zanfoga** para ver logo, de lonxe, a de Riocereixa e a do Faro case completa. De Riocereixa continuamos a Romeor pasando antes polo **Sixto** onde cunha camiñada de 2 km, ida e volta, con forte pendente podemos ver o pequeno e fermoso faial que se agocha debaixo da localidade. Camiño de Romeor vemos a devesa nas abas do Couto e na localidade, cunha camiñada duns 3 km ida e volta, podemos achegarnos á boca do **túnel acueducto romano** polo que conducían a auga para as explotacións mineiras dos Millares. En Os Millares atópanse as **explotacións romanas de Torubio** e desde a estrada, ao pé da explotación de Torubio oeste hai un punto acondicionado desde o que se pode ver ao outro lado do val a mina da Toca. Un quilómetro e medio máis adiante, despois de pasar ao pé de **Mostaz**, completamos o circuito e xa só nos quedan para completar a ruta volver a percorrer os os 4,5 km que nos separan de Seoane. Tardaremos segundo nos dean o tempo e as gañas medio ou case todo un día en facer o percorrido.




Devesa do Faro



Val de Visuña desde a Boca do Couto.



Monte Formigueiros, o cume máis alto da Serra do Courel (1.639 m)



Devesa de Romeor



Carballo
Devesa do Faro



Devesa de Riocereixa



Interior do faial de Fonteformosa



Devesa de Fonteformosa



Devesa de Brañas



Devesa de Zanfoga



Devesa de Riocereixa



O Sixto e o val do Lor



Faial do Sixto



O cume do Faro coa devesa.



Romeor coa devesa ao fondo



Tunel de Romeor.
Cosntruído polos romanos
nos séculos I a III.
Formaba parte da
condución da auga para
explotar as minas de ouro
de Torubio.




Capudre



Bidueiro



A biodiversidade das devesas maniféstase nas cores
das árbores no outono.



Devesas do Courel desde o val. En primeiro plano a devesa de Zanfoga.